

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Lonicera japonica Thunb.

Planta gabeadora asiática da familia das Caprifoliáceas que foi citada en Galicia por vez primeira no ano 1959. Aínda que semellante ás dúas especies autóctonas que temos, é doada de diferenciar porque presenta as flores agrupadas en parellas e non terminais. As autóctonas teñen cabezolas de flores terminais, *L. periclymenum* ademais ten as follas libres baixo a inflorescencia e a *L. etrusca* ten as follas unidas totalmente. Introducida polo seu uso ornamental para cubrir muros, valados, etc. Naturalízase rápidamente nos medios fluviais, forestais, antrópicos e marismas. Despraza á vexetación autóctona, compite polos recursos e asfixia os arbustos e a vexetación colindante ao crecer sobre ela.



http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html



Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org.